

Volvemos al periódico fundamental pra conocer cómo empezaron de verdad os primeiros proyectos pra valorar a nosa fala: *El Aldeano* de Castripol. Y condo dicimos *El Aldeano* tamén dicimos a *Biblioteca Popular Circulante*. Xa falamos en números anteriores del llabor que fixeron el peteiro de mozos que taban vinculaos a estas dúas asociacióis pr'achegarse á cultura tradicional y trabayar na súa difusión.

Ún d'estos mozos era Alejandro Sela, que fora nacido en Vilavedeye (Castripol) en 1911. En acabando en Madrid os estudios de perito agrónomo, empezou a publicar artículos sobre ganadería y agricultura en *El Aldeano*. Era a miyora das condicións de vida del llabrador ún dos esmolementos da Biblioteca Popular Circulante y el periódico nun se chamaba asina de casualidá. En 1930, con decinove anos, Sela xa empieza a escribir tamén artículos en gallego-asturiano, aunque col alcuño de "El tío Pepe". Gracias a estas colaboracióis de ralo en ralo, temos un repaso muito bon a dalgúas das épocas del ano ben interesantes dende el punto de vista etnográfico: os santurróis, el mondongo, os caleiros, os esfoyois, os casamentos, etc. Y, el qu'é máis importante, un mañuzo ben guapo d'artículos periodísticos na nosa fala.

Dende Vilavedeye Sela axudóu nel llabor da Biblioteca tentando d'amañar allí úa sección y fendo él mes-


mo dalgúas actividades como organizar sesións de llectura de contos populares asturianos pra os sous vecíos. Tamén axudaba nas actividades que se fían na villa de Castripol, por exemplo, actuando col bibliotecario d'allí, Agustín García, na estrena del obra de guiñol *Xan da xata*, na que foi a primeira representación con esta técnica teatral que se fexo na zona. Publicamos aquí el artículo d'Alejandro Sela titulado "El mondongo", que salió un 30 de decembre de 1931 nel nº 54 d'*El Aldeano*. Fáltanye acentos, sobran apostrofacióis y ten dalgún qu'outro equívoco, pero é normal: había pouco ou nengún avezo d'escribir en gallego-asturiano y, se xa eran muitas as erratas en castellano, al tipógrafo debíanse escapar agora muitas máis. Así y todo, publicámolo tal como salió. 



FOTO: J. VICENS

Un momento da III Asamblea das Bibliotecas del Conceyo de Castripol (1934), feita nas Figueiras. Alejandro Sela é el que tá máis alto á dereta

EL MONDONGO

Acabouse de labrar el trigo. As labores del campo páranse por pouco tempo n'estos días d'Año Novo, porque tampouco a ser todo andar entre os tarrois. Pero veu outra faena, outra cosecha se pode decir, que quizais e a que el labrador aprovecha en mais sustanza. Si algo sale d'a casa, voluntariamente é, pra untar al curial, pra agradecer un favor...: a matanza, el mondongo...

Bueno pois, as mueres andarán muy ocupadas estos días por custión del dichoso mondongo. X'ay días que se ven vir d'a vila con alforxas hinchadas con as especias pra él: a canela, as pasas y'outras cousas, pr'as morciyas; el pimento, a cordiyya, el breimante, pr'ous chourizos; el sal, que quizais ven de matute, pra salar xamón, lacois y toucius, x'hay días que lo feín n'a casa. Con todos estos preparativos y'a Luna n'el menguante, esperan as mueres un bon día, querse decir, un día frío, pra matar el sou coreno. Nun e d'estrañar que feñan tantas precauciois, porque hai que ter en cuenta unha cousa; que por andar

a tarabela poden perderse os xamois, ou, po lo menos, salarse mal, y, unha cousa que costa tantos trabayos en todo el año, si se malogra unha parte ¡poude imos parar! Ademáis, hai que ter tamén en cuenta que el cocho solo é a dispensa del labrador en todo el ano, pois n'as aldeas nun hay obrigas, y'unque las houbera, pode que nun s'acudise a elas condo fixera falta, senon condo se podese; y'el que ta na casa, xa ta.

Esta labor fáiseyes pesada as mueres, que nun sirve deixala d'un día pr'outro, nin tampouco queren que y'es axuden os homes pois as mueres -esto sábelo todo el mundo- tein crido que sólo elas poden feir as cousas con limpeza, y'esto nun e verdá de todo. N'as Américas y todo por aló, sin chegar mais lonxe, según me dicen todos os que d'aló se volveron, en hoteles, fondas y que sei eu qué, os que rigen as cucías y cousas así delicadas, nun son mais que homes. Pero así y todo eu vexo ben que fagan todas estas cousas, porque al fin y'al cabo, aquí co-



mo aquí y'aló como aló. Eso é.

Unha d'as cousas en que mais s'esmeran as muyeres e n'as morciyas, pois en muitas casas, eu téñolo visto, danlas as amistades, pra que en cuanto éstas maten y'es d'ían a proba d'as suas. "¡Salíronche boas! ¡Botácheyes ben almendras! ¡Nun che salíron tan ben as d'el ano pasado! ¿Estoupáronse muitas? -Non, que las pinchei cun alfiler de monxa". Esto, mais ou menos, e el que se yes oi decir todos os anos.

Einda poin mais esmero, si mais pode poñerse, n'os chourizos. Como duran todo el ano y van al pote diariamente, a responsabilidad e inda mais grande que n'os morciyas. Condo chega unha visita, un parente, un cualquiera, vótase mais axina mau d'un chourizo que de cou-

sa alguna. Y xa ora, hay que ter tino al fellos. Hay quen ye gusta mais picar a carne a mau que con máquina; hai quen ye vota agua a enayada; hay quen bota el pimento picante y quen dulce; hai quen pica os xamois porque ye parece que funde a carne en chourizos; hay quen proba a enayada (eu son un) antes d'embutir, y'en fin. Eso vai en gustos.

Como remate del mondongo tan os roxois. Os roxois son pretexto pra feir unha rumba entr'os amigos da casa, como se dixéramos el ramo del mondongo. Có-mese de todas partes del cocho muito mais que roxois. A min pasóume: ir invitado algunha casa, vir sin fame, y sin probalos.

EL TÍO PEPE

Esta foto mandada por dalgún bualés a compatriotas qu'emigraran a Cuba, salíu publicada en novembro del ano 1915 na revista *Asturias* del Habana. É un momento da festa de San Bartolo en Villanova (Bual). Nel retrato, delante del payeiro de rigor, tán todas as *forzas vivas* da festa: dende a parexa da guardia civil hasta el mayordomo, *El tío Lias das Cruces*, pasando polos músicos. Tamén ta *El Cego* que, según cuntan na revista, valadábbase muito ben a pesar da súa cegueira y, sin perdese, andaba camíos y caleyoís col sou carro.

Falta el gueiteiro, que tamén lo habería, pero ta a *música*, qu'así chamaban ás bandas, ou miyor bandías—abonda con ver el pequena qu'era ésta—, qu'amenizaban el día da festa del lugar cos sous instrumentos de vento, ademáis del bombo y el redobante. "*¡Vei vir a música d'Armal!*", dicíase.

Nun sabemos quen poda ser a formación da foto, anque de seguro muitos bualeses poderían apurrirnos dalgúa información valiosa. Sabemos pola prensa de Navia qu'a empezos de siglo funcionaba úa banda de música en Bual y outra, dirixida por un tal *Paquito*, en Doiras. Xa dende 1916 empeza a falarse nas noticias dos periódicos locales da banda d'Armal, unde ha tar de director muitos anos José María de Ricardo, cua súa característica gorra de prato. ¿Poderá ser el da foto?

